



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Abril 2018

Santiago de Compostela, 06 de xuño de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Abril 2018

- O índice de producción industrial de Galicia rexistrou en abril de 2018 un avance do 21,7% con respecto a abril de 2017, mentres que a nivel nacional creceu un 11,0%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, todos eles crecieron: os bens de consumo subiron un 9,0%, os bens de equipo un 8,8% e os bens intermedios un 21,1%. A enerxía, pola súa parte, destacou cun crecemento do 56,9%.
- Por ramas de actividade as maiores achegas positivas corresponden á “producción de enerxía eléctrica” que achega 9,8 puntos e á “metalurxia” que suma 2,5 puntos.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas negativas destacan a “fabricación de mobles” que resta 0,2 puntos.

Índice de producción industrial (IPI). Abril 2018

Taxa de variación do índice xeral e achegas dos compoñentes en %	Índice	VARIACIÓNS (%)		
		Interanual	No que vai de ano	
	Xeral	116,7	21,7	11,4
	Bens de consumo	118,0	9,0	1,2
	Bens de equipo	105,4	8,8	0,8
	Bens intermedios	133,1	21,1	15,4
	Energía	111,0	56,9	28,0

1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de abril de 2018 en Galicia acadou unha taxa interanual do 21,7%, mellorando en 15,3 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (6,5%). En España rexistrouse unha subida do 11,0%, mellorando en 14,7 puntos a taxa acadada no mes anterior (-3,7%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 9,0%, o que suma 2,3 puntos á taxa interanual do conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un aumento do 8,8%, o que achega igualmente 2,3 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** creceron un 21,1% cunha repercusión positiva de 6,1 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que sube un 56,9% sumando 11,1 puntos á taxa de variación interanual.

Comparando cos crecementos interanuais de marzo de 2018, por destino económico, os bens de consumo melloran 18,2 puntos, os bens de equipo melloran 20,1 puntos, os bens intermedios melloran 19,2 puntos e a enerxía cae 0,1 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


As ramas que presentan as maiores achegas positivas á taxa interanual de abril foron: “produción de enerxía eléctrica” que suma 9,8 puntos, a “metalurxia” que engade 2,5 puntos e a “fabricación doutro material de transporte” xunto ca “confección de roupa de vestir” que achegan 1,3 puntos cada unha delas.

No que respecta ás repercusións negativas, entre elas destacan a “fabricación de mobles” que resta 0,2 puntos e a “industria téxtil” que resta 0,1 puntos á taxa interanual..

3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o -4,8% de Extremadura e o 21,7% de Galicia. Ademais desta última, presentan crecementos interanuais superiores á media estatal: Castilla y León (20,1%), Aragón (16,1%), Cataluña (15,1%), Cantabria (13,1%) e La Rioja (13,1%).

IPI abril 2018 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Abril 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	116,7	21,7	11,4	--	--
Bens de consumo	118,0	9,0	1,2	2,3	0,3
Bens de equipo	105,4	8,8	0,8	2,3	0,2
Bens intermedios	133,1	21,1	15,4	6,1	4,2
Enerxía	111,0	56,9	28,0	11,1	6,7
España					
Xeral	105,2	11,0	3,0	--	--
Bens de consumo	100,5	11,1	1,8	2,7	0,4
Bens de equipo	113,0	16,0	3,9	3,7	0,9
Bens intermedios	111,0	11,2	3,7	3,5	1,2
Enerxía	94,7	4,9	2,4	1,0	0,5

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Abril 2018

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	21,7		11,4		
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	66,0	9,8	29,7	5,8	22,3
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	45,9	2,5	27,6	1,5	5,1
Fabricación doutro material de transporte	110,4	1,3	62,0	0,8	2,0
Confección de roupa de vestir	24,8	1,3	1,6	0,1	4,1
Industria da alimentación	8,7	1,2	3,8	0,5	13,2
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	10,1	0,9	7,0	0,6	7,7
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	15,6	0,6	10,2	0,4	4,1
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	12,5	0,6	13,3	0,5	3,6
Fabricación de material e equipamento eléctrico	25,2	0,5	17,9	0,3	1,4
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	14,4	0,4	4,7	0,1	2,5
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	13,0	0,4	10,3	0,3	2,6
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	1,6	0,2	-7,8	-1,0	13,1
Outras industrias manufactureiras	41,9	0,2	37,0	0,1	0,5
Industria química	8,5	0,2	7,8	0,1	1,5
Outras industrias extractivas	13,1	0,1	44,9	0,3	1,1
Industria do papel	2,7	0,1	3,9	0,1	2,2
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	1,1	0,0	7,0	0,2	2,0
Fabricación de bebidas	-0,1	0,0	0,3	0,0	3,5
Industria téxtil	-19,0	-0,1	-12,9	-0,1	0,6
Fabricación de mobles	-12,8	-0,2	-19,5	-0,3	1,1
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Abril 2018

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	105,2	11,0	3,0
Galicia	116,7	21,7	11,4
Andalucía	95,2	2,4	0,4
Aragón	106,7	16,1	3,9
Asturias	106,8	10,7	5,1
Baleares (Illes)	100,8	2,9	-2,1
Canarias	98,2	7,9	0,6
Cantabria	117,6	13,1	10,4
Castilla - La Mancha	104,7	6,1	1,1
Castilla y León	104,2	20,1	3,3
Cataluña	110,7	15,1	4,8
Comunitat Valenciana	102,6	7,8	0,3
Extremadura	88,8	-4,8	3,1
Madrid	103,9	8,2	1,0
Murcia	100,4	5,9	2,3
Navarra	101,7	5,4	-0,9
País Vasco	104,4	10,5	2,3
Rioja (La)	92,9	13,1	1,5

Fonte: INE